

Prazo aberto dende o 13/03/2026 ata o 27/03/2026 para que soliciten a modificación de ámbitos e/ou de datos persoais as persoas que solicitaron a inclusión nas listas para o nomeamento de persoal funcionario interino do corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de persoal de servizos xerais (PSX) e do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de xerocultor/a (subgrupo C2), de conformidade coa Resolución do 23 de novembro de 2021 (DOG núm. 229, do 29 de novembro de 2021).

Tamén poden solicitar as devanditas modificacións as persoas que solicitaron a inclusión nas listas para a contratación temporal de persoal laboral das categorías 43 (xerocultor/a) e 44 (persoal de servizos xerais) do grupo IV desde o 19 de marzo ao 30 de abril do 2019 ao abeiro da Resolución do 7 de marzo de 2019 (DOG do 18 de marzo).

Unha vez levadas a cabo estas modificacións, de conformidade co establecido no artigo 11 do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, mediante resolución publicada no DOG, daráselle publicidade á lista provisional de persoas admitidas e excluídas para o desempeño transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario da escala de persoal de servizos xerais (PSX) do subgrupo C2 e da escala de xerocultor/a do subgrupo C2, co obxecto de aplicar nas listas reguladas polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo, o contido do apartado Cuarto do acordo de integración do persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, que foi publicado pola Resolución do 8 de xuño de 2017, da Secretaría Xeral de Emprego (DOG núm. 124, do 30 xuño).

As devanditas listas poderán consultarse no portal web corporativo da Xunta de Galicia, <http://funcionpublica.xunta.gal>, apartado de "Listas de contratación", e no Servizo de Atención e Información á Cidadanía a través do teléfono 012.